



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA O DÍA 11 DE ABRIL DE 2026.

En Santiago de Compostela, no hotel Santiago Apostol, sendo as 10:10 horas do día 11 de abril de 2026, en segunda convocatoria, reúnese a **ASEMBLEA XERAL DA FCG, con carácter extraordinario**, ante a ausencia do presidente a esta reunión e en aplicación do artigo 14 punto 3 dos estatutos federativos, fará as funcións de presidente o Sr. José Ramón Costas Carbajal, delegando nesta persoa o Sr. Enrique Freire e actuando como secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE:

Enrique Freire Sobral

Excusa a súa asistencia a esta reunión polo falecemento da súa muller no día de onte.

SECRETARIO:

D. Manuel Rey San Luis

TESOUREIRO:

D. José R. Costas Carbajal

ESTAMENTO DE CLUBS:

D. DANIEL RODRÍGUEZ DOPAZO (C.C. Alas Compostelanas)

D. PABLO PÉREZ LAGO (C.C. Porriño)

D. DAVID RODRIGUEZ ROMERO (C.C. Palomas Mensajeras de Vigo)

D. ENRIQUE COCHON GARCIA (C.C. Ria de Pontevedra)

D. JULIO PAZ RUIZ (C.C. Herculino)

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. MANUEL VILABOA ALMEIDA

D. RAFAEL PIÑEIRO RODRÍGUEZ

Escusan a súa asistencia:

D. RAMÓN IGLESIAS FERNÁNDEZ (C.C. Pombas da Mariña)

D. PEDRO BECERRA GONZALEZ (Estamento de Xuices)

D. JESUS RODRÍGUEZ COSTAS (Estamento de Deportistas)

D. ENRIQUE GARCÍA RODRÍGUEZ (C.C. Pombas do Val Miñor)



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



D. CARLOS FERNÁNDEZ REY (C.C.Pombas do Salnés)
D. JAVIER FERNÁNDEZ PENA (C.C.Terracha)
D. JOSÉ M. MACIEL COMESAÑA (C.C.Mensaxeiras de Nigrán)
D. JOSÉ C. CASTRO PORTA (U.C.M. Mariñas Altas)
D. BRUNO DÍAZ FERNÁNDEZ (Estamento de Deportistas)
D. JAIME M. LOPEZ RODRÍGUEZ (C.C.Aires de Lemos)
D. LOIS SEIJO CASTRO (S.C.Lucense)
D. CARLOS BUDIÑO PEREIRA (C.C. Mensajeras de Cambre)
D. OSCAR SANJURJO GONZÁLEZ (Estamento de Xuices)
D. LUIS A. FROIZ SOLIÑO (Estamento de Deportistas)
D. JESÚS O. BUDIÑO PEREIRA (Estamento de Deportistas)
D. ANGEL TORRE IGLESIAS (Estamento de Deportistas)

Esta reunión axústase ó seguinte **Orde do día**:

- 1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da reunión anterior**
- 2.- Coñecemento do balance económico ao 31-12-25**
- 3.- Aprobación se procede do Regulamento e Calendario Electorais.**
- 4.- Lugar e data Exposición Autonómica 2026**
- 5.- Rogos e preguntas.**

Antes de comezar esta reunión, o secretario pon en coñecemento dos asistentes do falecemento da muller do noso presidente no día de onte.

Primeiro.- LECTURA E APROBACIÓN (SE PROCEDE) DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Os asistentes coñecen o acta nº 4 de data 29 de novembro de 2025 que se lles remitiu coa convocatoria.

Non realizándose ningunha obxección á mesma, é aprobada por unanimidade

Segundo.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 31-12-25.

Dáse lectura por parte do Sr.Tesoureiro ao balance ao 31-12-2025. Fai un breve repaso polas contas de gastos e ingresos, explicando que a conta de resultados deste ano é negativa (-2.492,76.- €) debido aos gastos ocasionados polos cursos de xuíces celebrados en novembro e sobre todo polo excesivo gasto da exposición autonómica.

Con respecto ao tema das exposicións habería que reformularse a forma de celebración das mesmas para evitar na medida dos posible os gastos excesivos que están a ocasionar.

O Sr. David Rodríguez Romero opina sobre este tema que as exposicións saen caras en canto á escasa participación de socios nas mesmas.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



Apróbase o balance ao 31 de decembro de 2025 por unanimidade

Terceiro.- APROBACION SE PROCEDE DO CALENDARIO E REGULAMENTO ELECTORAIS

Unha vez revisado e estudado tanto o Regulamento como o Calendario electorais por todos os membros asistentes a esta reunión e despois de facer algunha aclaración sobre o regulamento, estes son aprobados polos membros asistentes.

Aprobase tamén nesta reunión que no suposto de ter que facer algunha modificación tanto no Regulamento como no Calendario electorais outorgarlle á Xunta Directiva a potestade de facer as modificacións pertinentes.

A composición da Xunta Electoral estará formada polos seguintes membros:

Membros titulares:

Presidente: D. José M. Coto Varela

Secretario: D. Santiago Rodríguez Dopazo

Vogal: D. Rafael Piñeiro Rodríguez

Membros suplentes:

Presidente: D. Ángel Riveiro Oliveira

Secretario: D. Juan A. Insua Pérez

Vogal: D. Alexandre Rey Lamas

Cuarto.- LUGAR E DATA EXPOSICIÓN AUTONÓMICA 2026.

O sr. secretario pon en coñecemento dos asistentes que a próxima exposición correspondelle de organizala ao C.C.Ás Compostelanas.

O sr. Daniel Rodríguez Dopazo (presidente do C.C.Alas Compostelanas) fai mención ao respecto que aínda que lle corresponde este ano organizar a exposición pola súa data de fundación, a exposición que se fixo o ano 2019 en Santiago, tiveron que encargarse os socios deste club de todo o traballo que conleva a exposición.

Toma a palabra o Sr. David Rodríguez Romero para comentar sobre o elevado custo das exposicións e a escasa asistencia de socios nas mesmas que é debido en gran medida aos desprazamentos que se teñen que realizar segundo o club



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



que lle corresponda de organizala para asistir á mesma e á posterior comida de confraternidade e entrega de trofeos, para conseguir deste xeito minimizar os desprazamentos e unha maior asistencia de socios. Por tal motivo deberíase volver a expor que as exposicións se realicen en Santiago de Compostela e que o club que lle corresponda a súa organización desprace un "equipo de traballo" para colaborar coas tarefas propias da súa organización.

Acórdase nesta reunión que se debata na próxima Asemblea este tema.

Para rematar, acórdase tamén a celebración da exposición deste ano en Santiago organizada polo C.C. Alas Compostelanas, co compromiso de colaboración nas tarefas da montaxe da mesma por parte do C.C.Pombas Mensaxeiras de Vigo, quedando pendente de confirmar as datas da celebración desta exposición en función de cando se celebre a exposición nacional.

Quinto.- ROGOS E PREGUNTAS

- O Sr./Sr. David Rodríguez Romero solicita que na medida do posible déase a coñecer o porqué das modificacións nas clasificacións cando se produzan estas modificacións.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día da data.

Asdo: José R. Costas Carbajal
-Presidente en funcións-

Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-